



Isaac Xubín: "É infantil e ridículo non comparar a situación galega coa vasca porque as linguas non sexan semellantes"

[Montse Dopico](#) 28 de outubro de 2016

<https://praza.gal/cultura/isaac-xubin-e-infantil-e-ridiculo-non-comparar-a-situacion-galega-coa-vasca-porque-as-linguas-non-sexan-semellantes>

Isaac Xubín vén de publicar a súa primeira novela, 'Non hai outro camiño', (Xerais). Xa editara antes algúns relatos e un poemario, mais é máis coñecido polo seu traballo como tradutor e por ser referente da difusión do éuscaro en Galiza. A súa experiencia en Euskadi, en Irlanda ou en Inglaterra déronlle unha perspectiva que se reflicte no que di e no que escribe.

Staro Selo, o espazo no que se a novela, é unha vila serbia. Por que a escolliches?

Eu tiña uns relatos previos á novela. Decateime, ao repasalos, de que tiñan tanto en común que era máis ben o adianto dunha novela. Unha das cuestións que traballei para armar os relatos e escribir a novela foi o espazo físico. Como tiña que escoller nomes para os personaxes e topónimos, falei cun tradutor, Jairo Dorado, que me asesorou. Pregunteille como se dicía cidade vella en serbio, croata... e di-se Staro Selo. Situei a historia nunha cidade inventada que se chama así, e despois souben que si existen cidades con ese nome.

A novela parece situarnos, ás veces, no pasado. Outras, no presente. Outras, no futuro. Parece unha ao distopía ao estilo orwelián nalgúns detalles... Fala de poder: de micro e de macropoder, de corrupción, de manipulación... Fai pensar nunha ditadura socialista, ou nas falsas democracias occidentais actuais...

Unha das razóns polas que me decatei de que os relatos tiñan algo en común foi que os personaxes teñen que tomar unha decisión nunha sociedade opresora. Ao mesmo tempo, nunca me gustaron as novelas da guerra civil, no sentido de que penso que é inevitable lelas coa bagaxe previa que cadaquén leva. Por iso decidín probar a enganar o lector, a través do estrañamento: contarlle unha historia sobre a guerra civil, pero sen que o saiba, porque a acción sitúase noutro lugar. Por iso o tema da ambientación no mundo eslavo. Como ademais fago descrições moi parcas, non é fácil situarse nun tempo.

Os personaxes non son, precisamente, exemplos. Non teñen por que selo, que é novela contemporánea. Atópanse varados, teñen que facer algo... e non sempre escollen o “ben”. Un deles é traficante, outro censor orgulloso...

Sempre me gustou a xente con contradicións, tamén na vida. Considero que se unha persoa non ten contradicións é porque non se implica realmente, dito así de xeito simple. Adoita caerme ben a xente que as ten, que o sabe, e ademais, como dis, é normal na novela contemporánea, que non é de bos e malos. E, si, poño os personaxes nunha situación de compromiso na que teñen que definirse.

Comenta o narrador nun momento que é unha sociedade dominada pola violencia exercida por unha minoría, fronte ao silencio da maioría. Falas de Galiza?

Iso xa o poño nun dos capítulos previos, antes de que se desvele que é a guerra o que está detrás. E si, é Galiza, e é o presente.

Hai unha parte na que se nos conta a mesma historia desde a perspectiva dos distintos personaxes. Cara ao final hai crime, algo de intriga... e ao principio preséntanos unha galería de personaxes, sendo fácil perderse e perder algo a paciencia. A novela vai gañando despois. Como pensaches a estrutura narrativa?

A construción vén dada pola historia. A primeira parte, o seu cerne, son os relatos escritos previamente. O que fixen foi enfiar todos os personaxes. A segunda parte, que era o relato máis longo que tiña escrito, é como unha novela dentro da novela, previa á resolución. Nenenka procura facer algo, dar un paso adiante, e aínda que o título da novela é “non hai outro camiño”, o que di é que si o hai. Aleksandra ten un problema cos veciños e, apoiándose na xente que comparte as súas ideas, búscalle unha solución. O da primeira parte na que se presentan moitos personaxes era inevitable. Houbo xente que me recomendou renunciar aos nomes eslavos, porque así é máis difícil lembralos, pero decidín non facelo.

Nese ambiente opresivo, conta moito o laboral: o “toyotismo” e a alienación da fábricas. As cidades que tiveran un crecemento rápido, brutal e non planificado. A inmigración e a desigualdade. Poderían ser moitas cidades actuais...

Cando me preguntan se me refiro a unha cidade concreta digo que non, porque poderían ser moitas cidades. Eu vivín en moitos sitios. E decátaste de que o que teñen en común é como a sociedade manipula as persoas para que cumpran cun determinado rol na vida. Levo dous anos en Sheffield, e se chegase antes seguramente faría máis fincapé na novela neste aspecto. Porque en Inglaterra, un país con 300 anos de revolución industrial, é moi visible o xeito no que a sociedade capitalista produce castas, e a xente desfavorecida xa nin vive, só sobrevive. No noso contexto non hai moita diferenza entre a clase obreira e media, e por iso é máis fácil que a clase obreira se defina como media. En Inglaterra é moi doado ver a diferenza entre clases. Nótase ate fisicamente. Na novela tamén hai algo diso: un grupo de xente que toma unha decisión, e algúns fano desde estes parámetros.

Cando un grupo de persoas atacan o edificio do Casino, ao gobernador o que lle preocupa é que se estenda a expresión do descontento social. Iso é o que lle preocupa do “terrorismo”.

Unha das cousas que máis me alucinan da sociedade na que vivimos é como se conseguiu que a violencia fose algo tabú. Acéptase, sen emitir ningún xuízo de valor, o monopolio da violencia por parte do Estado. E desde aí é fácil manipular a xente co tema da violencia. Que certos partidos falen de democracia e liberdade sería un chiste se non fose porque manipularon o

significado destes conceptos. E despois está todo o que está detrás, historicamente. Hoxe xa non sabemos nin disparar un arma. Pero hai outros que se apropian da violencia e pensan que teñen dereito a exercela. Como cando agreden aos que van protestar ás prazas de touros. Vin un vídeo no que uns poucos botan da praza, a golpes, a uns que protestan pacificamente. Somos tan pacifistas que deixamos que outros empreguen a violencia contra nós, e pensamos que actuar así nos dá unha especie de superioridade normal.

Nevenka comenta o “absurdo” de Estados que forxaron a súa identidade a base de exaltar a unidade lingüística. España?

Nevenka dá a idea de que estivo exiliada e coñecía a realidade da que fala. Non estaba seguro de se incluír iso: que saíse do seu lugar, poñela en España, dicir que Galiza xa era antes unha nación... Pero deixeiño, tamén porque axuda a entender o personaxe de Nevenka e o que virá despois.

Antes publicaras outros relatos: ‘Chateau Bobcat ’ e ‘Le pied de Julien DuPuy’. Teñen algo que ver con esta novela?

En realidade foron dous relatos publicados no libro de Xerais no que se recollen as obras premiadas do certame de Redondela ‘Os Viaductos’. Non hai moita relación. Si se cadra en temas secundarios, como a gastronomía. No segundo si xogo con personaxes caracterizados de xeito non moi profundo, porque importa máis a acción, o lugar...

Tamén publicaras poesía. ‘Elementos de matemática’, sobre as matemáticas, e ‘Lisboa’, sobre o desencanto...

Iso tamén está errado na wikipedia. Non é que publicase dous libros. Son poemas recollidos no libro dos premios de poesía, relato e tradución da Universidade de Vigo. Son poemas iniciáticos. No primeiro, estaba fascinado pola física e as matemáticas. O segundo reelaboreino hai non moito e quedou nun poema algo máis longo... Non teñen máis importancia.

Tes un recital, co cantautor Ruper Ordorika, de versos de Joseba Sarrionandia, da antoloxía ‘Tempo de exilio’, que ti mesmo traduciches ao galego. Tamén traduciras, por exemplo, ‘Bilbao-New York-Bilbao’, de Kirmen Uribe. Como xorde o recital?

Foi a partir do premio de Tradución. A dotación inclúe premio para o editor, para o tradutor e unha cantidade para seguir a o libro. Por iso organizamos o recital, co gallo do premio, aproveitando eses recursos. Ruper Ordorika xa participara nunha experiencia anterior, con outro libro editado por Kalandraka, ‘Sete poetas vascos’, no que eu non estaba, pois vivía daquela en Cork.

Noutra entrevista, hai xa anos, dicías que en Galiza se cometera o erro de confiarse a normalización lingüística á administración, e que en Euskadi fora a sociedade a que tomara a iniciativa.

Paréceme abraiante que a xente estea esperando a que os demais lle dean o que quere conseguir. Para min vivir no País Vasco foi un descubrimento. Cando estudei Filoloxía Galega aquí falábanos moito de Cataluña, pero non do País Vasco. E é infantil e ridículo non comparar a situación galega coa vasca porque as linguas non son semellantes. Alí tamén había autodio, como en Irlanda. Hai pouco despediron alguén en por falar gaélico no traballo. Se a administración non nos dá o que queremos, pois facémolo nós. Creo que diso se trata. É abraiante que non houbese iniciativas como as escolas Semente ata agora. Non habería xente

na Coruña, en Vigo, en Santiago, que quixese educar os fillos en galego? Ademais, mentres discutimos sobre o que a administración non fai, cóannos o currículo. Porque, que máis dá que me eduquen os fillos en galego se lles contan o bos que eran os Reis Católicos?

Como funcionou o teu dicionario éuscaro-galego?

Polo que sei, ben, porque se esgotou. Aquí fixeramos presentación en Vigo, e no País Vasco chamáronme para presentalo en varios sitios.

Fuches membro das Redes Escarlata e publicaches un poemario, ‘Con gume de folla húmida’, que gañou o premio Eusebio Lorenzo Baleirón. En realidade, a novela é o teu segundo libro, entón.

Recibir un premio non cambia moito, pero é un indicador de que vas polo bo camiño. Ou que polo menos que houbo unha xente, no xurado, que considerou que merecías un premio. O que escribo agora non ten moito que ver co que ao principio, pero iso é normal. Nese libro xuntáronse cousas que levaba acumuladas, como a miña experiencia no País Vasco e en Irlanda.